



CIG

Boletín Sindical

Nº 37 - 2020

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

10 MARZO, DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

A historia contemporánea do movemento obreiro galego está construído desde as mobilizacións do ano 1972 nos últimos días da ditadura franquista.

As mobilizacións comezaron en Ferrol no mes de marzo, continuadas meses despois en Vigo, e tiveron no asasinato pola policía franquista dos traballadores da antiga Bazán Amador e Daniel a maior expresión da represión vivida. Mártires dunha loita pola dignidade, contra a precariedade das condi-

cións de traballo, por salarios xustos e por defender a negociación colectiva en Galiza e non en Madrid.

Por esa razón o 10 de Marzo é sempre unha data combativa para a CIG, demostrando que os dereitos que hoxe temos recoñecidos, e constantemente ameazados, son o resultado das loitas da clase traballadora.

Neste 2020, 48 anos despois, a loita continúa para a recuperación e conquista dos nosos dereitos.



Recuperar dereitos para avanzar: derrogación xa das reformas laborais do 2010 e 2012

Porque aumentan a extensión e o asentamento da precariedade laboral, os baixos salarios, a pobreza laboral, as facilidades e abaratamento do despedimento que as empresas teñen á súa disposición, o menú variado das vellas e das novas formas de explotación laboral, a utilización da contratación a tempo parcial, unha media de contratos anuais por persoas asalariadas do 4%, etc; son a realidade dunhas Reformas Laborais, 2010 (PSOE) e 2012 (PP) que seguen inxustificadamente en vigor.

Porque fomentan a estatalización e centralización da negociación colectiva que invaden as nosas competencias á hora de poder negociar as nosas condicións de traballo e os nosos salarios através dos convenios sectoriais provinciais e galegos.

Porque afondan nas desigualdades sociais e de xénero, o aumento da fenda salarial, a falla de medidas reais para garantir unha presenza en igualdade das mulleres, son tamén unha realidade aumentada ante a vixencia das reformas laborais.

Salarios xustos e pensións dignas: derrogación xa das reformas das pensións 2011 e 2013

As reformas laborais, da negociación colectiva e das pensións están provocando que se aprofunde o feito de termos os salarios e as pensións máis baixas do Estado español.

Os salarios en Galiza están hoxe, en termos reais, un 7,6% por debaixo dos niveis de 2009. O peso das rendas dos traballo segue descendendo no PIB mentres aumenta o das rendas do capital e as desigualdades de xénero non diminúen. Medra o colectivo de persoas traballadoras que apenas chegan ao salario mínimo, as persoas máis novas son as que menos cobran e son as que traballan maioritariamente no sector servizos,

sendo onde máis se crea emprego, pero onde se estenden os baixos salarios, non chegando aos 10.600 euros/ano.

En Galiza estamos preto de que o 50% da poboación estea ou ben na pobreza, ou ben na extrema pobreza, ou ben camiño da pobreza.

Non derrogar na súa integridade as Reformas Laborais, combinada coa non aplicación da Carta Social Europea e o recente incremento do SMI para o ano 2020 a 950 euros, cronifica esta situación e imposibilita unha recuperación salarial que permita vivir en condicións dignas.

Mobilízate coa CIG

Manifestacións en todas as comarcas

CIG

Confederación Intersindical Galega

Na defensa do emprego e da industria: transición xusta para Galiza

Cando aínda non saímos da crise do 2008 e cun tecido social, económico e industrial aínda doente, Galiza está inmersa de cheo nunha crise industrial que afecta especialmente ao Norte, tendo especial incidencia na industria electrointensiva, no naval e no sector enerxético, pero que tamén afecta e pode afectar a outros sectores económicos (telecomunicacións, automóbil, agrario, etc.).

A chamada descarbonización da economía está sendo máis un proceso de dismantelamento total que un proceso de transición. Compre lembrar que somos vítimas dun tecido económico e industrial deseñado polo grande capital español e internacional, resultado de anos dunha industria de enclave, altamente contaminante, que veu espoliar as nosas materias primas, e que non pecha nin completa os ciclos produtivos no propio País.

Presentásenos cun verniz de sustentabilidade, con mudanzas que son aparentes porque mantense para Galiza un

papel dependente, no que se pretenden seguir espoliando as nosas materias primas, os recursos naturais, implantando un modelo que segue sendo imposto e ao servizo dos intereses das empresas eléctricas, que substitúen unha fonte de produción de enerxía por outra, pero sen asumir ningún tipo de responsabilidade social do dano causado nin estaren dispostas a ceder a súa posición de oligopolio, que acumula cada día máis ganancias polos altos prezos da electricidade que impoñen.

A verdadeira transición, para ser xusta e democrática, no social e no territorial, debe significar avanzar en soberanía para Galiza, en poder decidir sobre os nosos recursos e a decidir sobre o seu modelo económico e social.

Doutro xeito, será unha nova versión, actualizada, das reconversións brutais que vivimos cando aquel Mercado Común Europeo, hoxe UE, que foi, e é, unha ruína para o pobo galego.

As eleccións galegas do 5 de abril: poñer fin ao PP e as súas políticas

O 5 de abril ábrese a posibilidade histórica de conseguir un cambio de Goberno en Galiza, e rematar co proxecto de País que ten deseñado un Partido Popular instalado en posturas ultraespañolistas e negadoras de Galiza, como diariamente demostra o presidente Feixóo, ante esta situación de emerxencia nacional e social que vivimos.

Un Feixóo entregado aos fondos de investimento, indolente e pasivo ante a destrución dos nosos sectores produtivos e industriais estratéxicos, participante nas políticas que nos fan perder poboación activa, vía emigración e avellentamento

imparábel, e colaborador permanente no proceso de expulsión da poboación do rural mentres seguen sen aprobar unha lexislación que garanta uns prezos xustos para os produtos agrarios, ou a prestación de servizos básicos no rural.

O PP de Feixóo promove unha política suicida para a sociedade galega, que non crea emprego, consistente no macro-turismo, no Camiño de Santiago a grande escala, na eucaliptización do País en favor de grandes corporacións e que afonda na histórica xeración de graves desequilibrios territoriais, sociais e medioambientais.

A mobilización nos centros de traballo e nas rúas para conquistar políticas alternativas

Desde a CIG temos claro que a mobilización é o camiño, non o do chamado diálogo social que practican incansabelmente UGT e CCOO, no que están lexitimando as peores políticas do PP en Galiza ou apoiando a continuidade das reformas laborais e das pensións ou o incremento do SMI que fixa un salario mínimo con catro anos de atraso a respecto do que establece a Carta Social Europea.

O camiño é a loita, a mobilización e crear organización, crear poder popular, porque os dereitos nin se regalan, nin se compran, nin veñen do diálogo social, nin os concede un goberno porque si, nin os cede un poder económico hoxe empachado de riqueza ao ver vixentes as súas políticas de roubo e saqueo á clase traballadora. Por iso, desde a CIG, como primeira forza sindical, chamamos á MOBILIZACIÓN o 10 DE MARZO, e a respostar nun momento no que está en xogo o noso futuro, como clase traballadora, como pobo galego e como nación, no convencemento do enorme potencial que ten a mobilización social na conquista das políticas alternativas coas que poidamos exercer o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa Terra.

Porque aumentan a extensión e o asentamento da precariedade laboral, os baixos salarios, a pobreza laboral, as facilidades e abaratamento do despedimento que as empresas teñen á súa disposición, o menú variado das velas e das novas formas de explotación laboral, a utilización da contratación a tempo parcial, unha media de contratos anuais por persoas asalariadas do 4%, etc; son a realidade dunhas Reformas Laborais, 2010 (PSOE) e 2012 (PP) que seguen inxustificadamente en vigor.

Porque fomentan a estatalización e centralización da negociación colectiva que invaden as nosas competencias á hora de poder negociar as nosas condicións de traballo e os nosos salarios através dos convenios sectoriais provinciais e galegos.

Porque afondan nas desigualdades sociais e de xénero, o aumento da fenda salarial, a falla de medidas reais para garantir unha presenza en igualdade das mulleres, son tamén unha realidade aumentada ante a vixencia das reformas laborais.

O 10 de marzo mobilízate coa CIG!!!

Confederación Intersindical Galega